

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 9 DE XULLO DE 2018.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventor:**

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

**Ausentes:**

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 28/2018 DE DATA 2 DE XULLO DE 2018.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 28/2018 do día 2 de xullo de 2018.

**2.- EXPEDIENTE 3693/2018. REPARACIÓNS LMT LALÍN ARENA.**

Acordouse adxudicar a obra reparación cableado medida CT Lalín Arena.· Importe: 181,50 €.

**3.- EXPEDIENTE 5839/2017. CONTRATO DE OBRAS POR**

## **PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.**

Acordouse adxudicar a obra “ABASTECEMENTO AOS NÚCLEOS DE CÁCEME E IGREXA DA PARROQUIA DE GOIAS”.

### **4.- EXPEDIENTE 3465/2018. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN REPINTADO DE FAROLAS PRAZA DA IGREXA.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto de 2.904,00€ (IVE incluído) con cargo a aplicación orzamentaria 2018/0/165/21000/01 para o repintado de farolas praza da igrexa.

### **5.- EXPEDIENTE 2402/2018. REPARACIÓNS NO SALON DE ACTOS DA AULA DA UNED.**

Acordouse adxudicar a obra Reparación falso teito salón de actos da UNED. · Importe: 10.575,40 €.

### **6.- EXPEDIENTE 2435/2017. PROPOSTA DEVOLUCIÓN FIANZA R, CABLE.**

Acordouse proceder á devolución da fianza constituída para responder da reposición da zona afectada polas obras de canalización en rúa Escaldes-Engordany, Lalín por importe de 200,00 euros.

### **7.- EXPEDIENTE 3375/2018.DEVOLUCIÓN ICIO INGRESO EXCESIVO**

Acordouse proceder á devolución da cantidade de 823,66 € correspondente a cantidade ingresada con carácter excesivo en calidade de depósito previo do ICIO do exp 3424/2017 por tratarse dun pago excesivo e polo tanto dun ingreso indebido en dita cantidade.

### **8.- EXPEDIENTE 3191/2018. DEVOLUCIÓN INGRESO POSTO FEIRA DO COCIDO.**

Acordouse a devolución de ingresos e proceder á devolución de 63,50 € abonados en concepto de depósito previo da Taxa pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións

ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulante e rodaxe cinematográfica.

**9.- EXPEDIENTE 435/2018. PROPOSTA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN LA13. CONCILIA LALÍN[DUSI].**

Acordouse a ampliación do prazo de execución do contrato menor de servizos de data 18 de abril de 2018 asinado para “Asistencia técnica para a posta en marcha do Plan Concilia Lalín da Estratexia LalínSuma21 cofinanciada con fondos FEDER”.

**10.- EXPEDIENTE 3510/2018. TRASPASO EXECUTIVA MAIO AUGA E SANEAMENTO A ESPINA E DELFÍN. INFORME-PROPOSTA DE TESOURERÍA**

Acordouse traspasar o importe de 698,16 € correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva pola Deputación de Pontevedra das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín durante o mes de maio do 2018.

**11.- EXPEDIENTE 1725/2018. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Acordouse a BAIXA definitiva, no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), motivado polo pasamentounha persoa beneficiaria.

**12.- EXPEDIENTE 3372/2018. SOLICITUDE DE EXENCIÓN IBI.**

Acordouse iniciar expediente para inventariar a obra construída consistente nun depósito de traída de augas no lugar de O Souto, parroquia de Xaxán de 20 m2 en esquina.

**13.- EXPEDIENTE 3566/2018. SOLICITUDE DE USO SALA XIMNASIO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DO 6 AO 10 DE AGOSTO DE 2018.**

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da Sala Ximnasio do Pavillón Municipal de Lalín para desenrolar unha

actividade de danza o luns día 6 de agosto ao venres día 10 de agosto de 2018, de 10:30 horas ás 13:30 horas.

**14.- EXPEDIENTE 3356/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DUNHA PROBA DEPORTIVA DE CICLISMO DE MONTAÑA (LALÍN BIKE RACE) O 16 DE SETEMBRO DE 2018.**

Acordouse conceder autorización municipal para realizar unha proba deportiva de ciclismo na modalidade de montaña o vindeiro domingo 16 de setembro de 2018 baixo a denominación de Lalín Bike Race, co percorrido Lalín-Lagazós-Belelle-Catasós-Pozo Negro-Pontenoufe-Puxallos-Seixas-Pontenoufe-Os Muíños-Nogueira-Carrofeito-Bustelo-O Espiño-As Liñeiras-O Acevedo-Subirol-Testeiro-O Acevedo-Zobra-A Trigueira-Coco-Candán-Pozo do Boi-Barcia-Soutolongo-Ribeira-Carballude a Lalín.

**15.- EXPEDIENTE 3685/2018. SOLICITANDO PECHE DA RÚA RAMÓN ALLER, ENTRE OS TRAMOS DA RÚA COLÓN E A RÚA OBSERVATORIO O DÍA 14 -07-18 PARA CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO ANIVERSARIO DO LOCAL BODEGÓN O PALITOS.**

Acordouse conceder autorización municipal par ao peche da rúa Ramón Aller entre os tramos da rúa Colón e a rúa Observatorio o día 14 de xullo de 2018, entre as 20:00 horas e as 3:00 horas, con motivo da celebración do Iº Aniversario de dito local coa actuación dun dúo musical e tendo en conta o informe do Inspector-Xefe da Policía Local de data 4 de xullo de 2018.

**16.- EXPEDIENTE 3478/2018. SOLICITUDE DE USO DO SALÓN TEATRO O XOVES, VENRES E SÁBADO 15, 16 E 17 DE NOVIEMBRE DE 2018 CON MOTIVO DO XXXI CONGRESO DE ENCIGA.**

Acordouse conceder autorización municipal para a utilización do Salón-Teatro do Auditorio de Lalín os días xoves 15 de novembro de 2018 de 17:00 horas a 22:00 horas, venres 16 de novembro de 2018 dende as 17:00 horas ás 22:00 horas e sábado 17 de novembro de 2018, dende as 11:00 horas ás 15:00 horas con motivo da celebración no IES Ramón María Aller Ulloa do XXXIº Congreso de ENCIGA (Asociación dos Ensinantes de Ciencias de Galicia).

**17.- EXPEDIENTE 3688/2018. SOLICITUDE USO DO PAVILLÓN DE CERCIO E DE 200 CADEIRAS PARA A MOSTRA DE BAILE TRADICIONAL.**

Acordouse autorizar o uso do pavillón polideportivo de Cercio dende o venres día 13 de xullo de 2018 ata o domingo día 22 de xullo de 2018 (ambos incluídos) para a mostra de baile tradicional.

**18.- EXPEDIENTE 3687/2018. SOLICITUDE DE USO PABILLÓN MUNICIPAL O DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2018 PARA EXPOSICIÓN NACIONAL DE BELEZA DE RAZA ANIKA AMERICANO.**

Acordouse conceder autorización municipal para o uso do pavillón municipal de Lalín, sito na rúa Polideportivo s.n o día 15 de setembro de 2018 para facer unha Exposición Nacional de Belleza da Raza Akita Americano.

**19.- EXPEDIENTE 3565/2018. SOLICITANDO PERMISO PARA CORTE DE RÚA E REALIZACIÓN DE FESTA DE DISFRACES.**

Acordouse autorizar o peche da rúa Pintor Laxeiro (tramo comprendido entre a rúa Xoaquín Loriga e rúa Avda Luís González Taboada) dende as 21:00 horas do venres día 20 de xullo de 2018 ata as 2:30 horas do día 21 de xullo de 2018. Non se autoriza a actuación que teña escenario ou instalación fixa.

**20.- EXPEDIENTE 3691/2018. SOLICITANDO SE FACILITE ACCESO AO PABILLÓN DE DEPORTES DE LALÍN PARA ALOXARSE O DÍA 8 DE AGOSTO CON MOTIVO DO CAMIÑO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Acordouse conceder autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 10 personas, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela, chegando o mércores día 8 de agosto de 2018 pola tarde ata o día seguinte pola mañá.

**21.- EXPEDIENTE 3689/2018. SOLICITUDE PECHE DA**

**RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ASÍ COMO APERTURA DE CARRIL DE ACCESO AO CAMPO DA FEIRA PARA CONCILIAR CA ACTIVIDADE DA PRAZA DE ABASTOS.**

Acordouse conceder autorización municipal para o peche da rúa Rosalía de Castro durante tódolos fins de semana do mes de xullo dende o venres as 19:00 horas ata os domingos as 00:00 horas e o martes día 24 de xullo dende as 19:00 horas ata o mércores 25 de xullo as 00:00 horas por ser festivo.

**22.- EXPEDIENTE 3702/2018. DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓN CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN REPOSICIÓN DE BEIRARRUAS E PAVIMENTO NA RUA PINTOR COLMEIRO.**

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de data 29 de xuño de 2018, da concesión de subvencións ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 correspondente á Liña 1, pola que se concede a seguinte subvención ao Concello de Lalín:

<b>Actuación subvencionada</b>	<b>Importe concedido</b>
<i>Reposición de Beirarrúas e Pavimento na rúa Pintor Colmeiro.</i>	39.646,21 €

A Xunta de Goberno Local quedou enterada do mesmo.

**23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3700/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.**

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00037 por importe de 37.780,56 €

**24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3873/2017. SOLICITUD DE SUBVENCIONES PARA ENTIDADES LOCALES (OBRAS).**

Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o programa de traballos da obra denominada “Repintado de Marcas Viais no casco Urbano de Lalín”.

**25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1807/2018. APROBACIÓN DE CONVENIO.**

Acordouse aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA AO ACORDO MARCO TRAMITADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN MUNICIPAIS.

**26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3683/2018. PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (URBANISMO).**

Acordouse aprobar o INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN RELATIVA Á APROBACIÓN DE MODELOS DE COMUNICACIÓN PREVIA (CP) E DECLARACIÓN RESPONSABLE (DR) CO OBXECTO DE ADAPTALOS Á ACTUAL NORMATIVA URBANÍSTICA E DE EXERCICIO DE ACTIVIDADES.

**27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1247/2018. LICENZA DE OBRA.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para reforma e ampliación do IES Laxeiro-Lalín.

**28.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3424/2017. LICENZA DE OBRA.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para a construción dunha vivenda unifamiliar no Agro Lalín de Arriba-Lalín.

**29.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 611/2018. LICENZA DE OBRA.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para a

restauración da igrexa de Santa María de Donramiro – Lalín.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:18 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.